



RESOLUCIÓN POLA QUE SE SUBSTITÚEN MEMBROS DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DA PRAZA 26/1011

Feitos

Primeiro. O servizo de persoal docente e investigador recibe comunicación de que o membro da comisión de selección da praza 26/1011, profesor/a substituto/a da área de coñecemento de Dereito Procesual do departamento de Dereito Público, David José Soto Díaz, representante do persoal traballador, non pode formar parte da Comisión de Selección nesta condición por formar parte da comisión titular a causa dun conflito de interés doutro membro.

Segundo. O Comité de Empresa de PDI laboral formulou unha nova proposta de representante do persoal traballador.

Consideracións legais e técnicas

O artigo 6.7 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador, aprobada en Consello de Goberno de 07.11.2024, establece que nas prazas do ámbito laboral formará parte das comisións de selección un membro proposto pola representación dos/as traballadores/as, que actuará con voz e sen voto.

O artigo 6.10 da citada normativa, establece que o nomeamento como membro dunha comisión é irrenunciable, agás cando concorra unha causa xustificada que impida a súa actuación, como é este caso.

Esta reitoría é competente para resolver segundo o artigo 126 dos estatutos desta universidade, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia 94/2025 do 6 de outubro, (DOG do 27 de outubro).

De acordo co indicado, dispón a seguinte substitución, para a comisión da praza indicada:

Representante do persoal traballador, substitúese a David José Soto Díaz por Xosé Manuel Carril Vázquez.

A Coruña, na data da sinatura electrónica

Por delegación do reitor (R.R. 10/07/2024)

A vicerreitora de Profesorado

María Teresa López Fernández